


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

11-12 de novembro do 2023

XXXI ORDINARIO A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas e na festa amigos*

*Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Unha vez máis, todos estamos invitados por Deus para facer evanxeo, un evanxeo que non podemos calar, un evanxeo que nos convida a acoller, a compartir, a facer en irmandade.

Hoxe Xesús vainos contar unha parábola coa que nos fala de asumir responsabilidades.

A vida, a parroquia, a familia, a sociedade, todo é cousa nosa, todo está nas nosas mans. Coidarnos, coidar da natureza, coidar dos demais é a tarefa na que temos que ser luz, son os nosos candís prendidos en Xesús.

A coherencia ten que ser a base fundamental da nosa vida cristiá. A paz ten que ser en nós un camiño crible.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Para participar plenamente na celebración imos pedirlle perdón a Deus e aos irmáns polas moitas veces que non somos responsables e non facemos comunidade. Por iso agora comprometémonos porque queremos facelo mellor.*

### Monitor/a

➤ Comprometémonos a vivir sendo responsables na nosa tarefa de ser familia?.

**SI, COMPROMETÉMONOS**

➤ Comprometémonos a vivir sendo responsables na tarefa de ser comunidade parroquial?.

**SI, COMPROMETÉMONOS**

➤ Comprometémonos a vivir sendo responsables no respecto ás persoas, lonxe dos abusos, na coherencia e transparencia do que se di e se fai?.

**SI, COMPROMETÉMONOS**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior porque ten que haber máis coherencia no camiño da paz.*

*(silenzo)*

Deus, Noso Pai, cheo de tenrura e misericordia, alonxa de nós todo o que nos aparta de ti.

Dáanos liberdade para que poidamos dedicarnos a facelo mellor, e sexamos capaces de asumir as responsabilidades da nosa vida e da nosa fe. Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, Noso Señor. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *O Libro da Sabedoría invítanos a buscar e atopar a auténtica sabedoría para vivir.*

*Na parábola do Evanxeo, Xesús móstranos como temos que ser responsables persoalmente, pero tamén como todos temos que ser aceite e luz para os demais. Non podemos deixar de lado a ninguén, non podemos deixar de doernos co que pasa en Palestina e Israel.*

Leccionario I A páx 277 Sab 6, 12-16 LECTURA

## LECTURA DO LIBRO DA SABEDORÍA

Raiolante e perenne é a Sabedoría  
e enxérgana sen dificultade os que a aman;  
déixase atopar dos que a procuran.

Adiántase a darse a coñecer polos que a ancean.

Quen madrugue por ela non ha de cansar:  
atoparaa chantada a carón da súa porta.

O matinar nela é xa o cumio da prudencia,  
quen por ela deixa o sono  
axiña se verá libre de preocupacións,  
pois ela de seu vai de acá para alá  
á procura dos que dela sexan dignos,  
aparéceselles benigna nos vieiros,  
sáelles ao encontro en calquera proxecto.

### Palabra do Señor

🎵 n° 18 *Escoita ao Señor*

SALMO

(en pé) *Leccionario I A pág 279 Mt 25, 1-13 EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos esta parábola:

O Reino dos Ceos parecerase a dez mociñas que, collendo os seus candís, saíron recibir o noivo. Cinco eran parvas e cinco asisadas. As parvas colleron os candís pero non os encheron de aceite; as asisadas, en troques, cos candís levaron tamén as aceiteiras cheas. Como o noivo tardaba, pegoulles o sono, e botaron unha durmidela.

Alá pola media noite oíuse berrar: "¡Veña, que chega o noivo, ídeo recibir!"

Erguéronse todas aquelas mociñas e prepararon os candís. Entón dixéronlle as parvas ás asisadas: "Dádenos un chisco de aceite, que os nosos candís esmorecen". Responderon as asisadas: "Non vaia ser que non chegue para vós e para nós; mellor será que vaiades á tenda e que o merquedes".

No intre que elas ían mercalo, chegou o noivo, e as que estaban preparadas entraron con el no banquete de vodas, e pechouse a porta. Máis tarde chegaron as outras mociñas chamando: "¡Señor, Señor, ábrenos!" Pero el respondeulles: "Asegúrovos que non vos coñezo".

Vixiade, logo, xa que non sabedes nin o día nin a hora.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



## Unhas palabras a xeito de homilía para pensar en silencio

Cal é a nosa responsabilidade?:

- é **RESPONSABILIDADE CRISTIÁ** pois temos que facer crible o evanxeo de Xesús con feitos que mostren camiños de paz
- é **RESPONSABILIDADE ECLESIAL** pois na vida non imos sos e cada un para si, temos que camiñar facéndonos cribles como igrexa: na casa, na parroquia, na diocese. Somos a igrexa que se doe con Palestina e Israel
- é **RESPONSABILIDADE COIDADOSA** con un mesmo e cos demais, sen facer diferenzas. A vida da xente das terras de Xesús ten que valer tanto como vale a nosa. Somos irmáns
- é **RESPONSABILIDADE ECOLÓXICA** porque coidar da natureza e da terra non o podemos deixar para mañá, é xa hoxe
- é **RESPONSABILIDADE SOCIAL** porque neste momento a paz vale tan pouco



(en pé) **PROFESIÓN DA FE**  
*Celebrante* Neste encontro parroquial queremos ser coherentes coa responsabilidade de vivir a fe e por iso dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Monitor/a:*

*Credes en Deus Pai e Nai, que sen facer diferenzas nos enche a todos do seu amor?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes en Xesús, que nos convida a ser responsables con nós mesmos, cos demais e coa natureza?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes no Espírito de Deus que alenta a colaborar construíndo unha sociedade máis xusta e igualitaria que non abusa e que ten que medrar en paz?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes na igrexa, familia dos homes e mulleres que seguindo os pasos de Xesús non podemos calar e dóenos a violencia que se vive en Palestina e Israel, e dóenos os abusos, e dóenos a vida maltratada de tantas persoas?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Oremos xuntos, con confianza naquel que nos ensina a ser responsables e formar comunidade sen distinción de persoas. Dicimos:*

**Acolle Señor a nosa oración**

**Monitor/a:**

- ✓ Pedimos Pai de bondade, para que teñamos un corazón esperto para descubrirte e acompañarte sendo e dando bo exemplo. Oremos
- ✓ Pedimos Pai de tenrura, para que nos esforcemos na crianza dos pequenos e mozos, de xeito que continúen a tarefa das nosas familias e parroquias. Oremos
- ✓ Pedimos Pai de xustiza, para que esteamos alerta para descubrir que é o que axuda ao pobre e colaborem nas cousas da xustiza. Oremos
- ✓ Pedimos Pai de Xesús, para que o evanxeo o asumamos responsablemente nos nosos traballos, nas nosas casas, na nosa comunidade parroquial. Oremos
- ✓ Pedimos Pai de todos, para que no respecto por cada vida se vaia facendo mellor nas terras de Israel e Palestina. Oremos

**Celebrante:** *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a ser responsables e coherentes. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Ao Deus que confía en nós para construír camiños de paz e que non nos quere calados ante os abusos, rezámoslle dicindo:*

**NOSO PAI ...**



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *Con un pequeno xesto de paz non queremos nin aparentar nin quedar ben con quen está á nosa beira. Tampouco o facemos para presumir.*

*As nosas mans tendidas uns para os outros son a nosa responsabilidade e expresan a vontade de ser coherentes nos feitos, por iso con corazón de irmáns démonos a paz.*

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** *Esta mesa e mesa de comunidade e é anticipo da mesa do Reino. Celebrar a fe aquí hoxe como parroquia é facelo lonxe de hipocresías e apariencias, porque se non somos coherentes non somos cribles. Participemos hoxe nesta mesa tratando de ser aceite e luz neste momento difícil para a paz. Ditosos nós que hoxe somos convidados a este pan do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*



**Acharte presente na vida**

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, dámosche as grazas porque hoxe, como parroquia, podemos compartir os froitos da nosa fe.

Suplicámosche humildemente que nos enchas do teu espírito, para que a forza salvadora que nos comunicaches nos axude a medrar en coherencia co evanxeo. Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

*Con Xesús queremos ser coherentes para ter un trato acolledor, xusto e digno cos demais.*

*Con Xesús queremos vivir responsablemente, aínda que hoxe teñamos que recoñecer que moitas veces formamos parte dunha sociedade que mira para outro lado á hora de asumir a tarefa de facelo mellor.*

*Con Xesús queremos que a nosa comunidade de Os Cotos sexa sempre unha parroquia aberta a todos, e que a todos trate con dignidade e respecto.*

**Avísase das misas (ver folla do mes)**

***Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén***

***Podémonos ir en paz***



***"¡Señor, Señor, ábrenos!" Pero el respondeulles: "Asegúrovos que non vos coñezo".***

*Fagamos as cousas ben e con responsabilidade para que o Señor nos recoñeza nos nosos feitos.*